

FICHA TÉCNICA

- Título: **Elas Sempre Están**
- Organiza: Secretaría Xeral da Igualdade
Xunta de Galicia
- Fotografías: Elisa Gianni (Fotosfera)
- Poesía: Lucía Aldao
- Comisaria: María Domínguez Serantes
- Deseño gráfico: Gatonegro deseño



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE invirtete ega 'bre futuro'"

UNIÓN EUROPEA



XUNTA
DE GALICIA



XACOBEO
Galicia

ELAS SEMPRE ESTÁN



XUNTA DE GALICIA

Elas Sempre Están

Con este título damos nome a unha mostra de quince fotografías e unha poesía, que pretenden plasmar a realidade das mulleres do medio rural galego no século XXI. Esta exposición está organizada pola Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral da Igualdade.

Despois de cinco anos residindo en Galicia, a fotógrafa italiana Elisa Gianni (Prato, Toscana, 1973), sinte a necesidade de captar coa súa cámara a esencia da nosa terra, e ¿que mellor temática que as mulleres do rural?. Do seu obxectivo xorden quince retratos, mulleres en diversas paisaxes e situacións da vida cotiá, naturais, sen artificios; e unhas mans, que evocan as mans do pasado e do presente, que traballaron arreo e que contribuíron e contribúen ao sustento de Galicia.

Do lapis da poetisa galega Lucía Aldao (A Coruña, 1980) afloran verbas doces e cheas de forza, conformando un poema que deixa ver a tenrura e a admiración, que sinte por todas estas mulleres anónimas, aínda que con nome propio, que ben poderían ser a súa nai, a súa avoa, a súa tía...ou as de todas e todos nós.

A poética da imaxe e da palabra únense nesta mostra para facer visible, desde o máximo respecto, a grande valía das mulleres do rural galego. Mulleres que seguen a facer labores consideradas propias da súa condición feminina desde tempos antigos, pero tamén mulleres abertas, que saben adaptarse aos novos tempos que corren e asumen a súa vez, sen medo nin complexos, roles tradicionalmente masculinos.

A través destas dúas disciplinas artísticas, queremos achegar unha descrición clara e diáfana do papel que veñen desenvolvendo as mulleres no día a día da nosa comunidade. Todas as persoas que teñan a oportunidade de achegarse a ela, verán con claridade anacos da realidade cotiá de Galicia.

*Que as túas mans habían ser os teus ollos
é algo que sabe a terra bastante mellor ca min,
que foi con elas con quen criaches fillos e cortaches leña,
pequena haiku que concentras a verdade sobre as estacións,
sobre o día a día que protagonizas inmensa...
(non hai imaxe que te conteña). O tesouro da túa memoria
[salvaranos da fame
sempre,
e non saber de ti será morrer un pouco,
ignorar que detiveches o inverno a golpe de lareira,
cen mil ferrados de sabas que lavaches e de bocas ás que
[diches calma.

E ladraches. E sorriches.
E non posaches para esta foto, simplemente
viviches.*

Lucía Aldao